



INFORMACIÓN BÁSICA PARA ALUMNADO E FAMILIAS SOBRE PROCEDEMENTOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. Criterios de cualificación do alumnado.

Nas avaliacións, as probas escritas ponderarán o 80% e os indicadores o 20%. Dentro das probas escritas, o 60% será de gramática e o 20% do libro lectura. Para a superación da avaliación a nota mínima deberá ser un 5 sobre 10. O redondeo será ata o decimal 5 nota inferior, e superior a 5 nota seguinte.

A nota final de curso será a suma das notas finais das tres avaliacións divida entre tres. O redondeo será o citado anteriormente.

Para recuperar a materia non superada nas avaliacións realizarase unha proba escrita en xuño, rexéndose a cualificación polos criterios establecidos anteriormente.

2. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación do alumnado coa materia pendente.

Os alumnos con materias pendentes entregarán unhas actividades trimestrais indicadas polo profesor, que serán cualificadas de 0 a 10 puntos. A non entrega destas suporá a obrigatoriedade de presentarse a unha proba cuxos contidos se corresponderán cos trimestres nos que non se entregaron as actividades propostas.

Para este alumnado coa materia pendente utilizaranse os instrumentos de cualificación establecidos anteriormente.